

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Determinación dos membros da Corporación que desempeñarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva e parcial

De conformidade co establecido nos artigos 19 e 22 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dáse publicidade á Resolución desta Alcaldía núm. 1384/2019, do 8 de xullo, relativa á determinación dos membros da Corporación que desempeñarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva e parcial, que consta da seguinte parte resolutiva:

Primeiro.—Os membros da Corporación que exercerán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, coas retribucións e réxime de dedicación acordados polo Pleno municipal en sesión extraordinaria do 8 de xullo actual, son os seguintes:

- Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras.
- Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos.
- Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá.
- Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social.
- Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico.
- Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia.
- Dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na Área de Presidencia.
- Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na Área de Cultura, Deportes e Xuventude.
- Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade.

Segundo.—De conformidade co establecido no artigo 19.3 do Regulamento orgánico municipal, notifíquese aos concelleiros e concelleiras designados para os efectos da súa aceptación expresa, e posterior comunicación ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. A aceptación deberá producirse no prazo dos dez días seguintes dende a notificación. Transcorrido o dito prazo, entenderase que non acepta o cargo.

Terceiro.—Con base nos acordos do Pleno municipal de referencia, como alcalde-presidente do Concello de Cambre, desempeñarei as ditas funcións en réxime de dedicación parcial, coas retribucións e dedicación acordados.

Cuarto.—Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, unha vez aceptados os cargos, publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal.

Cambre, 19 de xullo de 2019.

O alcalde

Óscar A. García Patiño